



EXPDTE	CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN 2015-2019.
TRÁMITE	Sesión organizativa ex 38 ROF. Proposta respecto indemnizacións por asistencia a órganos colexiados.

De conformidade có disposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e artigo 15 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas Comisións do Concello de Pontevedra, e escoitada a Xunta de Portavoces nas súas sesións do 15 e 16.06.2015, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Os membros da Corporación, que non desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes indemnizacións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Pontevedra, nas seguintes contías:

- a) Por cada asistencia a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas polo Pleno da Corporación a cantidade de douscentos setenta e cinco euros (275 €).
- b) Por cada asistencia polos seus membros a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas pola Xunta de Goberno Local a cantidade de cento vinte e cinco euros (125 €).
- c) Por cada asistencia a sesións de Comisións Informativas, permanentes ou especiais, ó Presidente a cantidade de cento vinte e cinco euros (125 €) e ós vogais cento cinco euros (105 €).

Segundo.- Establécense as seguintes indemnizacións por asistencia efectiva ás sesións dos organismos autónomos do Concello de Pontevedra, nas seguintes contías:

- a) Por cada asistencia a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas polo Consello de Goberno do "Pazo de Congreso e Exposicións" a cantidade de setenta e cinco euros (75 €)
- b) Por cada asistencia a sesións, ordinarias ou extraordinarias, celebradas pola Xunta Rectora do Instituto Municipal de Deportes a cantidade de setenta e cinco euros (75 €)

Terceiro.- Adoptaranse as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarios se as dotacións existentes resultaran insuficientes e anualmente consignarase cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas do cumprimento deste acordo.

Cuarto.- En cumprimento do establecido nos arts. 75.5 da Lei 7/1985 e 8 da Lei 19/2013, de Transparencia e Bo Goberno, o presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello por quince días hábiles. E, para a máxima transparencia, procederase igualmente á súa publicación na web municipal por igual prazo.

Pontevedra, 17.06.2015.

O Alcalde,

Miguel Anxo Fernández Lores.

